

PEZA DO MES

marzo

2001



FORNO CERÁMICO

CASTROMAO. CELANOVA.

ESTA CURIOSA PEZA, A MELLOR CONSERVADA DUN CONXUNTO DE CÁSEQUE VINTE ELEMENTOS DE SEMELLANTES CARACTERÍSTICAS, PÓN NOS EN CONTACTO COAS FORMAS DE VIDA, MODOS DE PRODUCCIÓN E TECNOLOXÍA ARTESANAL QUE SE DESENVOLVERON NA ÉPOCA DOS CASTROS, ATRIBUÍNDOSELLE UNHA CRONOLOXÍA DOS SÉCULO IV - III A. C..




FORNO CERÁMICO

Aínda que xa nos anos vinte se fixeran algunhas exploracións no Castromao, sen demasiado éxito e tiveran ocorrido achados casuais moi significativos como a peza atopada en 1942 e entregada no Museo, amáis doutras exploracións clandestinas, é na década dos sesenta do século XX, cando don Mariano García Rollán, daquela axente de extensión agraria en Celanova, co respaldo do Museo Provincial de Ourense, escomeza a exploración sistemática da estación, dando a coñecer unha síntese das súas intervencións nun extenso artigo publicado en *Archivo Español de Arqueología (AEArq.)* en 1971, exploración que aínda continúa.

Entre as moitas e significativas descubertas deste singular e importante xacemento, centrámonos hoxe nunha peza descuberta nas primeiras intervencións de García Rollán, moitas veces citada pero apenas estudiada de xeito monográfico.

Trátase dun conxunto de materiais cerámicos, que unidos e ensamblados forman dúas pezas que, coidados, forman unha unidade funcional entre si. Non



ZONA DE LOCALIZACIÓN DOS RESTOS DO FORNO


foron os únicos elementos deste tipo que apareceron no curso dos traballos, xa que, cando menos outra media ducia semellantes apareceron ó profundizar nos niveis ocupacionais por baixo dos pavimentos das construcións pétreas, e nas sucesivas campañas documentáronse aínda máis. O seu descubridor dá nos conta dos seus achados da maneira seguinte ó resumir as descubertas efectuadas ó profundizar entre os alicerces das vivendas:

»De barro cocido, rojizo, grosero, salieron en el espacio entre las viviendas II y VIII, fragmentos diversos de un objeto que podemos reconstruir teóricamente en la forma que representa la figura 54. se trata de una especie de horno, parecido al descrito. La parte plana tiene un grosor de 4-6 cm, es circular, de unos 80 cm de diámetro, con una cara

más o menos lisa y la otra irregular, con huellas de los vegetales en que se apoyó el barro fresco; está perforada por unos 20 orificios circulares u ovals (de paredes lisas y de unos 6 cm de diámetro medio). Del borde de la placa alza un reborde más o menos vertical, de unos 20 cms de alto y 3-4 de grosor, cuya cara externa está adornada (cerca del borde libre), en parte por un surco horizontal y en parte por un dibujo penniforme, cuyo comienzo puede verse en la figura. Este reborde o murete no es continuo, tiene un vano de unos 13 cm de anchura (a, fig. 54). En otros lugares salieron otros trozos de barro que corresponderían a objetos parecidos, unos aplanados, pertenecientes a la placa perforada), otros curvados, que pertenecerían a rebordes, con un diámetro de 45 a 70 cm, y con uno o tres surcos paralelos, hechos con los dedos, en la cara externa, cerca del borde libre.

Otros fragmentos serían parte de hogares o una especie de "morillos" curvados. Entre las cosas de barro cocido podemos incluir las representadas en la figura 53, la mayoría fragmentos de moldes de fundición».

Como se pode apreciar, unha descripción actual da peza permite advertir algunhas diferencias coas que realiza o seu descubridor e avanzar na súa interpreta-



DEBUXO FORNO CERÁMICO DE SÉVRIER (HAUTE SAVOIE)

ción. Primeiro, porque ó traballar no Museo cos materiais entregados foi posible unha máis coidada reconstrución conseguindo ensamblar cáseque completamente as dúas pezas, e o posterior análise permitiunos ver que se entremixuran na descripción dous elementos diferenciados, correspondentes o que serían a parrilla e a súa parede, decorada cunha banda incisa con sogueado, e outra parte, que se pode ensamblar sobre ela, que é a que presenta o vano, a xeito de fiestra de control, e que nos fragmentos conservados de fondo susceptibles de ensablaxe non presentan os orificios propios da parrilla. Segundo, iste feito nos levou a pensar en que ambas dúas partes formaban parte dun conxunto cunha finalidade específica, hipótese que se consolidou ó coñecermos a publicación dun achado producido en 1969, en Sévrier, nas proxi-



PARTE INFERIOR. VISTA INTERNA

midades de Annecy (Haute Savoie, Francia), publicado por extenso en 1975, e seguido dunha práctica arqueoexperimental do meirande interese apenas dous anos despois.

Está formado por dúas partes. A inferior, cáseque cilíndrica, cun diámetro de 60 cm, presenta na parte baixa unha parrilla de 5 cm de grosor, perforada por ocos tamén cáseque cilíndricos de 6 cm de diámetro, e paredes laterais de 38 cm de altura, interiormente lisas, con restos de cinzas e concreccións na parte baixa, e alisadas e rubefactadas no exterior, presentando preto do borde, a dous cm, unha banda descontínua cun sogueado de 2,5 cm de ancho. Advírtense, na parte baixa, como uns saintes, tres, como a xeito de patas, apreciábeles tamén pola rotura da pasta e a carencia puntual de improntas vexetais. A parte que debe corresponder á tapa, é semellante, pero notablemente máis chata, ten soamente 20 cm de alto, deixa unha abertura redondeada na parede, como unha fiestra de control, de 13 cm de ancho e cáseque 15 de altura, e a parte extrema é contínua, sen perforacións aparentes ou sospeitables, ben alisada pola cara interior namentras que no exterior presenta as mesmas improntas que a parte externa da parrilla, con marcas de paus e de follas de fentos. A súa fabricación responde á técnica de acoplamento de churros de pasta cerámica que se aplican sucesivamente e se van soldando e alisando exterior e interiormente.

Sobre as funcións non parecen ficar moitas dúbidas. Dende o seu descubridor todos os autores o refiren como forno cerámico, aínda que o paralelo formal inicialmente citado -o de San Salvador de Lieria- non se corresponda na súa totalidade; si é un forno cunha parrilla, pero doutro tipo, dimensións e cronoloxía. A utilización deste elemento como forno cerámico resultoulle indubidable ós descubridores do xa citado forno de Sévrier, e a interpretación resultou reforzada polas evi-

dencias aportadas pola posterior acción experimental cunha réplica, que logrou acadar rapidamente temperaturas de entre 800° e 900° e de manterse durante máis de trinta horas, o que forneceria datos suficientes para acadar resultados moi positivos nestes fornos na fabricación de cerámica, e explicaría mesmo a boa calidade técnica dalgúns dos materiais de época e o seu cuidado remate, como ten sinalado Guillaime en referencia ás cerámicas da Savoia francesa, e outro tanto poderíamos decidir para algunhas producións locais de Castromao.

Sen descartar o seu emprego para a fabricación cerámica, que resulta indubidable dos resultados da experiencia antecitada, nós debemos indicar que hai indicios doutras posibilidades que nos rebrantexan a cuestión: a carencia de cheminea de aireación, aínda que poidera ser a fiestra sinalada, e a presenza de moitos fragmentos de moldes de fundición e de muiños de vaiven ou berce asociados cos restos dos fondos que se recolleron no proceso das intervencións arqueolóxicas de Castromao, que non, no que coñecemos, noutros casos. Desda asociación poidera derivarse unha utilización destas cámaras como fornos de preparación do metal e para a súa fundición nos moldes asociados, para o que atoparíamos modelos semellantes en fornos deste tipo descubertos en Armenia, no poboado de Metsamor, sendo a súa cronoloxía dos comezos do primeiro milenio a.C., certamente máis antigo que o francés e dende logo que o que agora nos ocupa. Nas pezas que coñecemos non temos observados restos de gotas de metal ou formacións esponxiformes propias dunha actividade deste tipo, pero a relación establecida fai que non desbotemos a posibilidade de que non debamos interpretar tódalas parrillas atopadas dunha maneira uniforme, senon deixando abertas varias posibilidades.

A cronoloxía destas pezas de Castromao debe establecerse consonte ás posicións estratigráficas referidas polos seus descubridores e que poidemos ratificar nas campañas sucesivas. Nos situaríamos deste xeito nun horizonte cronolóxico dos séculos IV- III a.C., en relación coa fase central da ocupación do Castromao prerromano, nos niveis asociados á primeira muralla construída na plataforma baixa, para os que contamos con datación C-14 que nos sitúa en torno a unha data de 2370+/-50 a 2250 +/-50 b.P., ou o que é o mesmo unha idade equivalente, sen calibración, entre os 420 e o 300 a.C.

Encontrámonos deste xeito diante dunha peza que ofrece moitas perspectivas de aproximación ós coñecementos tecnolóxicos e das formas de produción dunha época moi significativa da nosa historia, a da cultura castrexa.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A. G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-217-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

